

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 28 DE
OUTUBRO DE 2013. Nº 10/2013.**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.).

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Resolucións da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de concesión de bonificación no ICIO para obras de ampliación e mellora das instalacións do Centro Ocupacional de ASPADEZA ubicado en Mouriscade.	páx. 7
4.- Plan Económico-Financeiro do Concello de Lalín 2013-2014.	páx. 7
5.- Expediente de modificación de diversas ordenanzas fiscais e prezos públicos, e incoación do expediente de aprobación do Regulamento de utilización das instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín.....	páx. 10
6.- Moción do PSdeG-PSOE relativa ao proxecto de reforma da Lei de Réxime Local.....	páx. 15
7.- Moción do BNG para eliminar o copago de medicamentos a enfermos crónicos non hospitalizados.....	páx. 16
8.- Moción do PGD para asumir o copago farmacéutico polo Concello.	páx. 17
9.- Rogos e preguntas.....	páx. 18

=====

Sendo as **once horas do día 28 de outubro de 2013, luns**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación convocada para este día e hora.

A todos os asistentes se lles entregou a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 2 de setembro de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoa, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NO ICIO PARA OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO OCUPACIONAL DE ASPADEZA UBICADO EN MOURISCADE.-

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 24 de outubro de 2013.

Polo grupo de goberno o edil delegado de facenda, ***D. Manuel Gómez Estévez*** explicou o contido do expediente, xa coñecido por todos, propoñendo a concesión dunha bonificación do 95 % do ICIO a esta asociación benéfica que é ASPADEZA.

Tamén desde as filas socialistas ***D. Manuel María González Aller*** adiantou o voto afirmativo do seu grupo.

Desde o grupo do BNG, ***D. Xesús Cordeiro Budiño*** manifestou que votarían a favor.

Finalmente polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén sinalou que apoiaría a proposta.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos presentes, sendo catorce (14) concelleiros do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **aprobase** a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda do seguinte tenor:

Con data do 22 de maio de 2013 (registro de entrada nº 2890), D^a. Ángeles Baldonado Taboada, actuando en representación da asociación ASPADEZA, solicita do Concello de Lalín a declaración de obra de especial interese ou utilidade municipal para as Obras de ampliación e mellora das instalacións do centro ocupacional que a citada asociación ten en Mouriscade, por concorrer circunstancias sociais que xustifican tal declaración aos efectos da concesión da bonificación contemplada no artigo 6º da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras vixente neste concello. Co citado escrito achéganse os Estatutos da asociación, a memoria de actividades desenvolvidas no ano 2012, a declaración de utilidade pública da Asociación polo Ministerio do Interior; así mesmo, no expediente consta proxecto de obra, autorización da Comunidade Autónoma outorgada mediante resolución do 12 de setembro de 2013 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, autorización da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra e informe favorable do arquitecto técnico municipal.

Á vista da citada solicitude e dos informes emitidos que obran no expediente, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Primeiro.- Declarar de especial interese e utilidade municipal as Obras de ampliación e mellora das instalacións do Centro Ocupacional da asociación ASPADEZA, ubicado en Mouriscade (expte. 7130/13), por concorrer circunstancias sociais que xustifican tal declaración.

Segundo.- Como consecuencia do anterior, conceder unha bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor da obra descrita para a que se solicita licenza por parte da asociación ASPADEZA.

4.- PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE LALÍN 2013-2014.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. De seguido o Sr. Secretario procedeu á lectura do ditame favorable da sesión da Comisión de Facenda e Patrimonio celebrada o día 24 de outubro de 2013.

Desde o grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez** explicou o contido do expediente sinalando que se presentaba o plan económico-financieiro 2014 ao abeiro da Lei 2/2012, de 27 de decembro, xa que dos datos que obraban no Concello non se cumpría a regra de gasto nin o equilibrio presupostario, non habendo estabilidade orzamentaria. Por iso esperaban que nun ano se amortizara todo.

Indicou que no expediente constaban unhas táboas con datos económicos elaboradas a partires das cifras do ano 2013 e confeccionadas segundo as normas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Cumprir a regra de gasto supuña eses sete millóns de euros, pero non significaba que se gastase ese importe máis do permitido, senón que o gasto municipal calculado segundo as normas superouse. A proxección era que no ano 2014 se recuperase todo.

Este expediente publicaríase no BOP, tras ser aprobado polo Pleno, e seguiría os pasos previstos na normativa vixente. Obedecía, na súa meirande parte, á recuperación da instalación do Lalín

Arena.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** sinalou que este plan de axuste viña a aprobación plenaria tras a operación de enxeñería financeira aprobada coa recuperación da instalación do Lalín Arena, algo que traería a ruína e a desgracia aos lalinenses. Este era o principal motivo do expediente: a compra do Lalín Arena.

Reiterou que a empresa concesionaria entrou en concurso. Pasaron os tres e mesmo os nove meses desde a solicitude de concurso e non houbo concurso de acreedores.

Na negociación levada a cabo polo goberno municipal criticou que o Concello non conseguise nada, que non se rebaixase absolutamente nada do prezo real e de mercado.

A situación económica do Concello podería agravarse se se engadise o tema do parking que estaba pendente de resolver, o posible preito xudicial polo canon eólico, e a reclamación da empresa Espina y Delfín S.L.

Tendo en conta estes conflitos plantexados, a capacidade municipal de endebedamento estaba esgotada, e todo isto debía a un só motivo: á nefasta xestión do Concello no Lalín Arena. Votarían negativamente a proposta.

Desde o grupo do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, lembrou que votarían negativamente contra a adquisición do Lalín Arena por múltiples cuestións, entre elas polo escurantismo no expediente e pola mala xestión municipal, que deu como resultado que non se rebaixase nada do prezo de mercado. Esta operación foi temeraria e hipotecou ó Concello de Lalín para non poder investir nos vindeiros anos.

Sinalou que moito do que tiña que dicir xa o dixo o voceiro socialista, entre elo o relativo ás débedas pendentes do parking e o tema de Espina y Delfín S.L, que limitaban considerablemente as posibilidades de endebedamento municipal por mor da regra e do límite de gasto. A causa de todo elo era o Lalín Arena. A pesar de estar formal e rigorosamente elaborado, o seu grupo non o consideraba válido e o vían pouco fiable. Votarían non.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** afirmou que por coherencia, xa que votou en contra da compra do Lalín Arena, agora non podía apoiar a proposta. O plan financeiro viña motivado por esta compra e nestas circunstancias. Coidaba que non participou nos mesmos e non tiña culpa, nin antes nin agora, da xestión municipal realizada. Xestión que era cuestionable. Absteríase.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** sinalou que as críticas do grupo socialista se contradicían, xa que antes sostíñan que co pago de canon anual á empresa, afundiríase o Concello, e agora coa xestión do grupo de goberno tamén sería unha desgracia. Sempre se estaba limitado, nun sentido ou noutro. Pero o que cambiaba era que agora o Concello tiña capacidade de sobra para xestionar estas instalacións.

Sobre as verbas do parking e do tema de Espina y Delfín, explicou que estes asuntos non tiñan nada que ver co plan en debate.

Agora se trataba de aprobar e de cumprir o Plan. Coidaba que foi moi rendible adquirir o Lalín Arena a pesar do que se dixo. *“Conseguíuse o que se puido, e ao mellor se puido conseguir mellor prezo”*, afirmou. O resultado estaba aí, e era positivo para o Concello.

De novo **D. Manuel María González Aller** ratificou o xa dito anteriormente. As críticas viñan pola concesión do Lalín Arena e polo mal feito e xestionado que foi todo. Ao igual que pasou coa Casa do Concello, o Lalín Arena era unha obra desproporcionada para Lalín.

Lembrou que coa concesión e logo co sistema que se fixo, sempre estiveron en desacordo. Máis tarde houbo que introduciren cambios reducindo as obras para favorecer á empresa concesionaria: por exemplo, suprimíuse a pista de xeo e unha pista de atletismo.

Disto podía resultar que no prezo se pagaba máis do que custou a obra.

Reiterou que non estaban de acordo na forma en que se fixo a concesión, nin coa recuperación do Lalín Arena, xa que non houbo unha baixada significativa do prezo. Ao revés, pagouse o seu valor real de mercado, a pesar de que se fixeron menos obras que as previstas inicialmente.

Volveu indicar que tanto o Lalín Arena como a obra da Casa do Concello eran obras desproporcionadas para Lalín e para a capacidade económica do Concello, algo que non só dicía el, senón moita xente que visitaba Lalín.

Desde o grupo do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** reiterou que as obras do Lalín Arena eran excesivas para Lalín e que non se podían pagar antes, non agora. Pola contra, o goberno municipal sostíña que houbo unha boa xestión, cando se veu que tras un ano e pico de xestión, da concesión, a empresa privada non podía xestionar estas instalacións. Logo, como dedución había que afirmar que non había tal boa xestión.

Repetiu que a débeda municipal era alta, estaba aí, e sería difícil solventala no futuro. A consecuencia delo nos vindeiros anos, pasaríase mal no Concello, porque non habería capacidade para pedir novos préstamos nin para acometer novos investimentos.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** non tiña máis nada que dicir neste asunto. Absteríase.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias** manifestou que, á vista do escoitado, estaba nas antípodas do manifestado pola oposición. Ao grupo socialista díxolle que o Lalín Arena non era unha desgracia para Lalín. Había unhas necesidades ás que había que atenderen e esta instalación respondía a isto. O custo da obra foi de 8.200.000 € e démoslle 7.100.000 €; logo non foi o prezo real o que se pagou. Era unha falacia o que se dixo.

Ademais, esquecía o PSOE que había tamén un beneficio social importante para Lalín, que era o uso desta instalación pola poboación de Lalín. Recordou que antes, cando viñan aos antigos pavillóns, os equipos visitantes de balonmán criticaban e destacaban o mal estado das instalacións; agora falan das boas instalacións coas que se conta.

Indicou que el e o grupo de goberno foron elixidos nunhas eleccións democráticas, e o pobo de Lalín deulle a el o mandato por catro anos. Cando remate este tempo, pola conta que lles ten, demostrarían que a xestión foi boa.

Agora, tal e como anticipou, e durante un ano, o Lalín Arena sería xestionado dun xeito directo polo Concello. Sinalou que ata as eleccións do ano 2015, eleccións municipais, non se adoptaría ningunha decisión para privatizar o Lalín Arena.

En suma non se arrepentía de nada do que fixo, e coidaba que dotou a Lalín dunha boa instalación deportiva para o seu uso pola poboación.

Era unha infraestrutura que moitas cidades galegas non tiñan. Tamén cumpría destacar que os cálculos hoxe son distintos dos que se facían hai anos: antes non se podía pedir préstamo e agora si.

Doutra banda afirmou que esta adquisición non lastraría aos investimentos do Concello nos vindeiros anos. Cando remate o ano 2014 revisárase o déficit do Lalín Arena, e verase o estado de amortización dos préstamos nos once anos. O Concello obterá melloras importantes, e xestionará directamente o complexo. Preguntoulle á oposición: *¿cantos concellos poden pagar esta instalación?* Ningún, respondeu. Lalín era un dos concellos máis saneados de Galicia. Era certo que houbo unha caída importante de ingresos, pero había xestión municipal.

Afirmou que a xestión municipal eficiente non só se vía no Lalín Arena. Tamén podía comprobarse na obra de remate de Rehabilitación do Pazo de Liñares, ou na vindeira contratación pola Deputación Provincial de Pontevedra da construción do laboratorio gandeiro de Mouriscade.

Reafirmou que, no último ano, no tempo que quedaba do actual mandato municipal, non ía sacar a licitación a privatización do Lalín Arena. Coñeceríanse os datos tras un ano de xestión directa. Logo, o partido que gañe as eleccións locais no ano 2015 será o que decida o que hai que facer. Este tema era un reto persoal levalo a bo porto. Coidaba que, se se contase con mil cincocentos usuarios, a instalación sería rendible economicamente para todos.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Abstencións: unha (1) do PGD.

En consecuencia, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- **APROBAR** o Plan Económico-Financeiro do Concello de Lalín para os exercicios económicos 2013-2014 que consta de doce páxinas coas determinacións que constan no mesmo.

2.- Tramitar o presente expediente conforme determina a lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e do Real Decreto 1463/2007, de 2 de, publicándose no BOP, expoñendo o expediente ao público, dando conta á Consellería de Facenda, Xunta de Galicia do mesmo.

5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE DIVERSAS ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS, E INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 24 de outubro de 2013.

Por acordo unánime dos voceiros acordouse tratar o expediente en dúas partes.

A) EXPEDIENTE DO REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E DA TAXA POLO USO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Polo grupo de goberno **D. José Antonio Varela Quintela**, edil delegado de Deportes e Xuventude pasou a expoñer en primeiro lugar a modificación da taxa dos prezos públicos e o regulamento da piscina municipal, dando as grandes liñas do expediente do novo regulamento e sobre os cambios introducidos sobre o que estaba.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller** afirmou que o tempo sempre lles daba a razón. Resultaba neste asunto, como sucedía noutros temas que non se confirmaron as expectativas lixeiras e sen fundamento feitas polo grupo de goberno. E mesmo ocultaron os oito millóns do custo total do Lalín Arena. Tamén recordou que o Concello accedeu a que non se fixeran algunhas obras previstas inicialmente, como foron a pista de xeo e a pista de atletismo que tiñan que seren a cargo da empresa concesionaria. O prezo de rescate que se pagou foi o de mercado, o real, algo que denotaba que a negociación deu un resultado cero e nula en canto a conseguir algo positivo para Lalín.

Víase que o Concello de Lalín non estaba tan saneado como dicía o Sr. Alcalde, e menos o estaría no ano 2014. Todo eran contraccións de gasto. Había un millón de euros netos para o deporte. Deu detalle dos ingresos e dos gastos do deporte en xeral, dos cálculos e das cifras que puido sacar do expediente, resultando que só había trescentos mil e pico de euros para o deporte, contando todo do gasto municipal.

Doutra banda quixo destacar que os prezos que agora se propuñan eran moi competitivos e isto non lles parecía correcto, porque para os negocios que había en Lalín supuña unha competencia desleal xa que nalgúns casos aínda máis baratos que os de mercado.

Houbo debate co Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias** sobre este aspecto.

Seguiu a falar **D. Manuel María González Aller**, indicando que había aspectos nas novas taxas coas que non estaban de acordo. Por exemplo subíase a unha taxa única de 5 €/ a aqueles usuarios que quixeran utilizar o Lalín Arena e a piscina un só día.

Doutra banda tamén aos xubilados lles souben as taxas, e as da piscina.

A cambio desta suba non vía unha mellora nos servizos. Por exemplo na vella piscina se puideron celebrar competicións deportivas de natación; agora na nova non se realizaban, porque non estaba homologada, e nin se usaba polos escolares.

A amortización da piscina prevíase que fose en corenta anos; isto era o que constaba nos documentos; a outra a vella, pechouse ao público tras 19 anos e deixou de funcionar. Había que contar con que esta nova piscina era de peor calidade nos materiais e na construción, a proba eran os arranxos e as obras que se tiveron que acometer. Sería mellor poñer vinte anos como prazo de amortización, pero claro, iso faría subir a amortización e os gastos, algo que non conviña.

Rematou afirmando que os gastos en deporte eran pouco máis de trescentos mil euros ao ano para todo o deporte, e descontando que había outros seiscentos mil euros de cotas de amortización dos prestamos ao ano que se concertaron para o Lalín Arena.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou sobre o caso concreto aludido de suba das taxas que para esa opción había bonos de dez ou mais entradas, con prezos asequibles. Tratábase de adscribir e de atraer a novos usuarios. Por iso viña o custo dos cinco euros.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que estaba xa todo argumentado. Insistiu en que os xubilados e os usuarios exclusivos da piscina pagarían moito máis, se vísemos e comparásemos o que pagaban ata agora e o que pagarían no futuro.

Sobre o Lalín Arena dixo que había aquí o que era o chamado efecto mariposa. Viña a dicir este principio que cando unha cousa sae mal e se quere emendar, todas as demais tamén saen mal. Algo así pasou co Lalín Arena. Todo saíu mal desde o principio ata o final.

Cos datos aportados coidaba que ía ser difícil manter o número de usuarios na piscina. Por exemplo unha persoa que a use catro veces ao mes pagará un cincuenta por cento máis de taxas que pagaba hoxe. Había que ver se se podían bonificar aos habitantes de Lalín, porque a realidade era que perdía poboación.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** dixo estar de acordo con algúns dos pronunciamentos. Había que coordinar conceptos, e estudar as tarifas. Pediu coherencia ao grupo de goberno e reflexionar sobre as tarifas que se propuñan.

De novo **D. José Antonio Varela Quintela** reafirmou que o Lalín Arena era unha instalación única. O punto de partida era establecer una taxa única, e non dúas.

Doutra banda non se quería pisar á xente, e cos cinco euros por entrada individual era a máis barata que había en comparación con outras. O uso da piscina eran cinco euros, pero se se sacaba un bono de dez usos custaba 15 € ao mes. Os prezos da piscina con estas tarifas que se propuñan serían os máis baratos do entorno xeográfico mais inmediato, aludindo ao que se cobraba en Chantada, O Carballiño, Melide, e outras. O motivo desta suba non era outro que a piscina municipal levaba que máis de dez anos sen incrementar as súas tarifas. De todos os xeitos, o que se buscaba era cubrir os gastos do Lalín Arena e da piscina no conxunto, visto como

unha única instalación, e non gañar diñeiro ou ter beneficios.

De novo o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, afirmou que era partidario de establecer algún tipo de discriminación positiva a prol dos habitantes empadroados de Lalín, pero tanto a Sr^a. Interventora como o Sr. Secretario e os técnicos da casa lle dixeron que non era legal. Afirmou que este problema comezou na era do goberno do *Sr. Rodríguez Zapatero*. Debera haber un sistema de empadramento de oficio, aínda que haxa cambios posteriores. De feito xa hai concellos que si fan esta discriminación positiva, con tarifas máis baratas e con prezos reducidos para os seus veciños de Lalín.

En relación coa competencia nos negocios privados, afirmou que tamén o Lalín Arena cumpría unha función social que había que valorar. Había unha tarifa de 18 €/mes para os parados e non se dixo nada.

Pediulle á oposición que non mezcle todo o deportivo nun só caixón, e que inclúa no deporte en global os gastos do Lalín Arena con estas tarifas.

Repetiu que lle dixo á Sr^a Interventora que durante un ano recolla os gastos e os ingresos nunha caixa para ver o que xeraba o Lalín Arena. Logo xa se estudarán.

Tamén **D. Manuel María González Aller** volveu explicar o montante dos gastos. Aparte dos gastos en xeral de 490.000 € restando os 230.000 de ingresos, daba un resultado de 267.000 € que era o gasto para o deporte en xeral.

Volveu insistir en que esta infraestrutura que era o Lalín Arena resultaba moi cara. O que si daba un resultado positivo era a piscina municipal e por elo se quería trasvasar aos usuarios da mesma ao Lalín Arena. Pero había aspectos que non se podían xustificar de ningún xeito como eran ese 5 € por entrada ao día, sen bono.

Nos cursos se subía de 20 a 25 €/mes.

Resultaba que os veciños pagaban xa con seus impostos o Lalín Arena; pero ademais pagaban esta instalación polo seu uso. Por se fose pouco, se faría a competencia desleal aos negocios privados, con prezos por baixo do custo dos servizos. Seguindo este razoamento, preguntou: *¿Por que e non se poñía un supermercado no Concello e lle dicimos á xente que con un litro de aceite lle damos un quilo de azúcar e outros?*

En suma opoñeríanse á proposta, insistindo en que todo veu porque non se conseguiu rebaixar o prezo de adquisición do Lalín Arena e pagouse un prezo moi alto por elo.

Nesta segunda rolda **D. Xesús Cordeiro Budiño** pediu ao grupo de goberno non “frivolizar” con este asunto, porque se trataba dun tema importante e serio que incidiría na economía do Concello e na dos lalinenses.

Insistiu en que agora o problema sería tamén determinar o número de abonados. Isto mesmo pasou cando se sacou a licitación a concesión, calculouse mal os usuarios posibles e foi un completo error. En todo caso este tema debera ser estudado por peritos na materia para saber se con mil cincocentos abonados sería suficiente para non ter déficit, ou se sería factible conseguir a dita cifra.

Tamén **D. Camilo Conde López** amosou as súas dúbidas sobre as novas tarifas. Había que velas con detalle e corrixir os defectos. Coas que se propuñan non estaba de acordo.

Tamén había que ter sensibilidade á hora de facer competencia cos negocios existentes e axustar estas tarifas, coidando que ao mellor o Concello tiña que perder cartos neste servizo.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que algún datos aludidos polo edil socialista referíanse a conceptos contables de amortización, e non como se entende no sentido vulgar ou coloquial.

O edil delegado de deportes **D. José Antonio Varela Quintela**, indicou que agora había déficit no número de usuarios e, por ende, nas contas. Isto desaparecería se se alcanzasen os mil

cincocentos abonados no conxunto das instalacións. Noutro caso seguiría sendo deficitario. Deu cifras dos prezos dos bonos mensuais e por persoa que se cobraban nas piscinas municipais do entorno como Chantada, Melide e O Carballiño para incidir en que o prezo do uso da piscina e do complexo do Lalín Arena sería o máis reducido de todos eles, contando coa suba que se propoñía agora.

Aínda así había un bono anual con descontos importantes que tamén podía interesar a moitas persoas. Sobre os prezos e a posible competencia desleal, preguntou: *¿cal les eran os prezos dos bonos e utilización dos ximnacios privados?*

Finalmente o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu defender o bono anual de 23 euros/mes co fin de fidelizar e captar novos usuarios, resaltando que esta instalación era no seu uso a máis barata de todas as que había no contorno e seguramente en Galicia.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Abstencións: Ningunha.

Xa que logo aprobouse a proposta da Alcaldía, e **adoptáronse os seguintes acordos:**

Primeiro.- A imposición e ordenación dunha nova taxa polo uso e prestación de servizos nas Instalacións Deportivas Municipais.

Segundo.- A aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.

Terceiro.- A aprobación da supresión dos prezos públicos ata o de agora vixentes pola utilización do complexo da piscina municipal e polas prestacións de servizos e actividades nas instalacións deportivas municipais. A derogación das ordenanzas reguladoras destes dous prezos públicos producirase no momento en que entre en vigor e comece a aplicarse a nova Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.

Cuarto.- A aprobar inicial do Regulamento de utilización das Instalacións Deportivas Municipais e a derogación do vixente Regulamento de uso das Instalacións das Piscinas Municipais, que se producirá como consecuencia da entrada en vigor do primeiro.

Quinto.- A publicación dos presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia e, no caso das ordenanzas fiscais, nun diario dos de maior difusión da provincia. Expoñer ao público os expedientes por un período de trinta días hábiles a efectos da presentación de posibles reclamacións. Finalizado o período de exposición pública procederase á adopción dos acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva dos textos.

Se non se presentaran reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

B) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI), DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS, DA TAXA DE

SUMIDOIROS E DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANOS.

Na explicación do expediente o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que sobre o IBI agora se cumprían dez anos da revisión catastral. O Concello acordou cada ano rebaixar unha décima para compensar a suba que supuña os valores catastral, baixando o tipo impositivo. Seguíase con este sistema e este ano baixábase agora a última décima. Era certo que nalgúns casos subíronse moito os valores catastrais. Nestes casos quedaría pedir a revisión catastral.

En canto ás taxas da auga e saneamento, subíase o IPC tal e como marcaba o contrato de agosto a agosto, en total un 1,5 %. Sobre a taxa do lixo, tamén incrementábase o IPC do contrato. Lembrou que cando falou sobre o tema de SOGAMA fíxoo cos datos que tiña, xa que o escrito do dito organismo non entrou no Concello ata o 25-10-2013; gustáballe falar sempre con documentos, e non “*de oídas*”.

En xeral coidaba que no ano 2014 non habería suba de impostos en Lalín, e o que realmente se produciría sería unha conxelación dos tributos.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** afirmou que foi unha barbaridade a suba dos valores catastrais e do IBI nestes anos. Puxo como exemplo un inmovible de corenta e catro mil euros nos que por termino medio subiu un 300% en once anos de suba; agora pagaría no 2014 un piso destas características un importe de 221,53 €, sen contar cos locais industriais e comercios.

Indicou que nestes días se aprobou no Congreso de Deputados unha suba do 6% dos valores catastrais, aínda non publicada no BOE. En suma os valores catastrais eran moi altos e para evitar isto había que pedir unha revisión catastral antes do 31 de xaneiro de 2014 ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Por alusións o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que en Galicia estaban dúas terceiras partes dos concellos sen revisar os seus valores catastrais.

De novo no uso da palabra **D. Manuel María González Aller** non estaba de acordo con subir o IPC da auga. Reiterou que o seu grupo ven dicindo hai tempo que os tramos das tarifas deben ser máis curtos, e non tan logos que permiten cobrar 20 m³ por trimestre, porque a maior parte da xente está nese tramo, e non se consume. En consecuencia con eses mínimos ou cotas de servizos que non se consume, a empresa cobra, e se incentiva o despilfarro. Pediu, en consecuencia, modificar os tramos nas tarifas de consumo de auga máis curtos.

Sobre a taxa do lixo admitiu que nada era gratis, pero que a suba do custo que efectuaría SOGAMA nun 35 % era excesiva, e a Xunta de Galicia equivocábase. Non vía que o goberno local protestase diante deste feito grave.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o Concello de Lalín non repercutirá esta suba nas tarifas, e asumirá este custo a maiores, a pesar de que persoalmente consideraba a suba de SOGAMA como “*unha tropelía máis*”.

De novo **D. Manuel María González Aller** cualificou de barbaridade esta suba de SOGAMA aos concellos, que podía considerarse consentida polo goberno municipal.

No lixo pagábase o mesmo, pero as frecuencias cambiaban, e no rural recollían una vez por semana; pagaban, pois, bastante.

Estaba de acordo na redución do IBI no rural, pero sempre que estes inmovibles estivesen ligados a explotacións agrogandeiras, e non a vivendas ou mesmo pazos que pagaban moitísimo menos que unha vivenda ou que un piso de Lalín cun valor catastral moi inferior.

Tamén desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que no ano 2004, cando entraron en vigor os novos valores catastrais, non había crise e os valores aprobados resultaron excesivos nalgúns casos, por exemplo no rural. Agora por decreto do Estado o tipo de gravame establecíase no 0,5 %, co fin de aumentar a recadación municipal. Pero había que incidir en que ano tras ano houbo tamén houbo unha suba increíble nos valores catastrais e nos recibos deste imposto. Por elo estaban en contra da xestión deste tema polo goberno municipal. Sobre as taxas de auga, saneamento e lixo, lembrou que houbo un tempo en que o Concello non cobraba nada e agora subíase todos os anos. Díciase que os anos 2013 e 2014 serían mellores e que había que buscar o custe cero. O goberno municipal tamén seguía esta filosofía do goberno central. O seu grupo estaba en desacordo con unha e con outra.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén estaba de acordo en que houbera unha revisión no IBI, porque os valores catastrais estaban moi altos. O Ministerio de Facenda sempre fixo o mesmo, e houbo que reducir á metade algúns valores. En canto aos mínimos da taxa da auga estaba de acordo co PSOE en que a aplicación dos mínimos incentivaba e alimentaba o consumo e o despilfarro. En relación coa taxa do lixo pensaba que esta era moi elevada, e había que efectuar unha remodelación o antes posible, aplicando mesmo outras fórmulas distintas das que se aplicaban.

Na segunda rolda **D. Manuel Gómez Estevez** citou algúns concellos como Pontevedra ou Lugo onde as subas eran moi superiores ao que se propuña aquí. Doutra banda dixo que, sobre o tema dos mínimos na auga, se trasladou á empresa esta petición. Espina y Delfin S.L. Tras un estudo económico-financeiro, dixo que habería que manter o equilibrio financeiro da concesión, é dicir: que si se quitaban ou se reducían os tramos ou se baixaban as tarifas, había que compensar noutros tramos ou noutros sitios, coa indemnización correspondente, porque había que manter o equilibrio da concesión. En canto aos valores catastrais, sinalou que podía ser que a algúns veciños lle subisen os valores das súas propiedades, pero a outros, non. En dez anos, o Concello aplicou a baixada da décima. En canto as casas no rural, non compartía o que escoitou, sostendo que el tamén pola contra coñecía casas que pagaban máis de mil euros de IBI e polo tanto moito máis do que se dicía. Reiterou que sobre a auga e a inclusión de máis tramos, a empresa perdería o equilibrio e reclamaría a indemnización correspondente. Lembrou que nos anos en que houbo IPC negativo, a empresa tamén reduciu as tarifas. Agora había que cumprir o contrato asinado e en vigor. Sobre o lixo, sinalou que a recollida do lixo en Lalín non estaba cara, en comparación co servizo e con outros concellos que tamén aplicaban esta taxa. Agora subíase o 1,5 % previsto no contrato. Pagarían 18,74 € e 9,37 € ao trimestre. E non lle parecía caro.

Finalmente o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que a finalidade deste expediente era manter no ano 2014 o mesmo nivel de recadación que no ano anterior, e non incremental. Por iso a conxelación era a idea que presidía estas reformas e non outra. Rematou aludindo á auga dos colexios que, agora co canon da Xunta de Galicia, terían que satisfacer os Concellos como donos dos colexios.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **aprobose a proposta** do edil delegado de facenda, e adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI), da Taxa por Servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos, da Taxa de sumidoiros, e da Taxa por prestación do servizo de tratamento de lixo e residuos urbanos.

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial o presente acordo, así coma nun diario dos de maior difusión da provincia, e expoñer ao público os expedientes por un período de trinta días hábiles a efectos da presentación de posibles reclamacións. Finalizado o período de exposición pública procederase á adopción dos acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva das Ordenanzas fiscais modificadas. Se non se presentaran reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

6.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA AO PROXECTO DE REFORMA DA LEI DE RÉXIME LOCAL.-

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, de data 21 de outubro de 2013, número de rexistro 6243 da mesma data. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 24 de outubro de 2013.

Polo grupo socialista, **D. Manuel M^a González Aller** explicou o sentido da moción e deu lectura á mesma, segundo a cal a recente aprobación polo PP da reforma da Lei de Bases de Réxime Local é un claro ataque á independencia e autonomía dos concellos.

Coa escusa de evitar duplicidades, a intención última é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos. Guiados polas políticas de salvaxe austeridade, quérese xustificar cunha falsa política de racionalización de gastos a perda de servizos que van sufrir os cidadáns.

Mirando a débeda dos concellos, observamos que supón arredor dun 4% da débeda total do Estado, o que demostra a falsidade da argumentación de que se pretende aforrar e racionalizar o gasto.

A intención é de deixar aos concellos sen competencia en materias como servizos sociais e quitarlle unha das súas razóns de ser, que non é outra que estar preto dos cidadáns e atenderen as súas necesidades máis básicas.

O Alcalde de Lalín sempre se erixiu nun defensor do municipalismo; sen embargo nestes momentos en que as competencias municipais están sendo recortadas ata tal punto, non se escoita esa voz discrepante, a pesar das manifestacións da FEMP e da FEGAMP en contra de dita reforma e de manifestarse en contra un gran número de alcaldes do Partido Popular.

Diante desta situación de ataque á autonomía municipal e dos recortes en servizos que vai supoñer para a cidadanía é polo que se propón ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte proposta:

- Oporse ao proxecto de reforma da Lei de Réxime Local nos termos en que está redactado.

Tanto **D. Xesús Cordeiro Budiño**, voceiro do BNG, como **D. Camilo Conde López**, voceiro do PGD, avanzaron o seu voto favorable á moción.

Desde o grupo popular, o seu voceiro, **D. Román Rodríguez González**, manifestou que estarían dispostos a apoiar o mesmo texto aprobado na FEGAMP polos tres grupos políticos. En consecuencia fixo esta proposta ao grupo propoñente e aos da oposición, acordando todos que o texto a votar fose o aprobado por consenso no máximo órgano de representación dos concellos de Galicia, a FEGAMP.

Sometida a votación ordinaria a moción con esta emenda conxunta, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos presentes, sendo catorce (14) concelleiros do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, o **Pleno da corporación ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Oporse ao proxecto de reforma da Lei de Réxime Local nos termos en que está redactado.

SEGUNDO.- Aprobar as propostas de modificación ao Proxecto de Lei de Racionalización e Sostenibilidade Local acordados na Asemblea Xeral Extraordinaria da FEGAMP celebrada o pasado día 11 de outubro de 2013 que consta de 13 páxinas e no que se propoñen cambios no que se refire aos artigos 2, 7, 10, 13, 25, 26, 28 36, 75 bis, 75 ter, 85, 86 e Disposición Adicional Novena da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e aos artigos 116 bis, 116 ter, 213, 218, Disposición Adicional Segunda, Disposición Adicional Sétima, Disposición Adicional Decimoquinta e Disposición Transitoria Segunda da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

7.- MOCIÓN DO BNG PARA ELIMINAR O COPAGO DE MEDICAMENTOS A ENFERMOS CRÓNICOS NON HOSPITALIZADOS.-

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do BNG, de data 18 de outubro de 2013, número de rexistro 6184 da mesma data. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 24 de outubro de 2013.

O debate desta moción realizouse conxuntamente coa presentada polo PGD.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou a moción, lendo a súa parte dispositiva, sinalando que a mesma se debía, como moción tipo do partido, ao problema careado co chamado copago de medicamentos dos enfermos hospitalarios. O seu grupo estaba profundamente en desacordo con esta medida, na liña dos recortes do actual goberno.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** coincidía en que esta medida xeraba un grave problema aos colectivos desfavorecidos. Reclamou maior sensibilidade a todos e avogou porque fosen os concellos, diante desta situación, os que se fixeran cargo deste gasto.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller** dixo estar de acordo co que se solicitaba na moción, e que os concellos asuman este gasto que o goberno central impón aos usuarios hospitalarios. De feito xa había concellos que o estaban asumindo. Non se entendía a razón desta medida que se prevía ía aforrar sómente douscentos mil euros. Agora con este sistema só se pagarían máis de catro euros por medicamento. Pero había que dicir que a xente consumía outros medicamentos, e non só estes, para catarros e outras enfermidades comúns que xa abonaban integramente. Había persoas que con este sistema pagaría ata 40 ou 50 euros por mes.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** afirmou que esta medida acordada era estraña e non tiña un fin económico porque se estimaba que xeraría un aforro de douscentos mil euros en Galicia. Non era polo tanto unha medida recadatoria e había que precisar que aínda non entrou en vigor en Galicia. Había algunhas comunidades autónomas que adiantaron que non a ían aplicar.

Era certo que algúns alcaldes indicaron que eles pagarían estes importes que resulten. O montante por persoa e es era de 4,20 €. De todos os xeitos indicou que para aquelas familias que carecían de recursos e que non podían afrontar esta situación, o Concello dispuña dunha liña de axudas de emerxencia social que permitía facer fronte a este gasto. Había que lembrar que este gasto, cando os concellos o realizaban, formaba parte das chamadas competencias impropias, que non respondían precisamente ao principio de autonomía local.

Rematou insistindo neste tema, de que cando un veciño non pode pagar estes medicamentos, o Concello llo abona. Por iso ían rexeitar as mocións propostas, destacando que era unha medida estraña.

A edil socialista, **D^a. Beatriz García Iglesias**, sinalou que oitenta e dous fármacos sacáronse para que teñan que ser abonados con este sistema de copago. Coidaba que esta medida non tiña ningún sentido e que o custe de xestión da mesma sería superior ao aforro que se propuña. Pediu que se aprobase a moción para impedir que fosen as familias as que asumisen este custo.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** entendía, en referencia ás verbas do grupo popular, que o que parecía extraña era a postura do PP de Lalín neste tema, votando en contra da proposta. Realmente había cada vez máis concellos que abonarían este gasto, e non entendía as razóns para votar en contra. Insistiu en que se tiña que derogar esta medida.

Sobre o pago por parte dos servizos sociais municipais, sostivo que xa estaban antes, e agora por mor deste problema habería que mobilizar maiores recursos. A solución era que non se aplicase esta medida de copago.

De novo **D. Camilo Conde López** rematou o debate resaltando que entendía a postura dos grupos, pero se reafirmaba na súa moción e pediu a aprobación da mesma.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación da Resolución do 10 de setembro de 2013 do Goberno do Estado pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que non aplique esta resolución no noso país.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

8.- MOCIÓN DO PGD PARA ASUMIR O COPAGO FARMACÉUTICO POLO CONCELLO.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do PGD, de data 18 de outubro de 2013, número de rexistro 6227 de 21 de outubro de 2013. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 24 de outubro de 2013.

O debate desta moción realizouse conxuntamente coa presentada polo BNG.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1.- A dotación dun fondo económico de emerxencia no Concello que asuma o custo dos medicamentos dos veciños e veciñas afectadas con enfermidades crónicas.

2.- Pedir ao goberno da Xunta de Galicia que paralice a Resolución do 10 de setembro sobre o copago dos medicamentos de dispensación hospitalaria.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: dúas (2) do BNG.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

9.1. ROGOS.

Presentados de forma escrita durante a sesión:

PSdeG-PSOE.

D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez.-

1.- En varias rúas de Lalín, por exemplo Calvo Garra ou na Travesía Rosalía de Castro, existen modelos de tapas redondas dos sumidoiros cunha superficie completamente lisa, que nos días de choiva, debido á combinación de auga e suciedade, resultan especialmente perigosos pola facilidade coa que se esvara neles, provocando a conseguinte caída. Solicítase do goberno municipal que se cambien urxentemente e se substitúan polos outros modelos máis rugosos e que se resolva ese problema.

O Sr. Presidente quedou enterado.

2.- Segue habendo no casco urbano de Lalín (xa non digamos noutras zonas de fóra do casco) farois sen a tapa onde se aloxan os cables de electricidade e cos cables ao aire, co conseguinte perigo especialmente para os máis cativos. Na rúa Rosalía de Castro temos un exemplo desta situación. Prégase que se revise periodicamente o estado do alumado público para garantir que non se convertan nun perigo para os cidadáns.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D. Francisco Fernández Donsión.

1.- ROGO.- En relación coa liña de alta tensión LAT 132 KV IRIXO-LALIN que o Concello de Lalín propoñía á empresa promotora do proxecto a posibilidade dun trazado alternativo que iría, en liña soterrada, dende A Cabreira ata Agruchave (a partir dese punto xa se prevé soterramento ata a subestación).

Con este trazado, demandado polos veciños, evitaríase a afección a núcleos urbanos, agros e masas arbóreas de alto valor ecolóxico e facilitaríase a conexión da liña co Polígono de Catasós.

O Sr. Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, respondeu indicando que coidaba que a LAT unicamente ía soterrada no terreo onde estaba previsto que se construíse o CAR. No resto, non.

Presentados de forma oral durante a sesión:

BNG.

D. Xesús Cordeiro Budiño.-

1.- ROGO.- Pide que, na pista que vai de Maceira ao Pedroso, parte que afecta ao Concello de Lalín, se efectúen arranxos na mesma, tendo en conta o seu estado actual de grave deterioro para o tráfico.

O Sr. Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, indicou que tanto o Concello de Lalín como o de Rodeiro querían que esa pista fose asumida como propia pola Deputación Provincial, pero os veciños non estaban de acordo. Neste debate estaban.

O edil delegado de infraestruturas rurais, D. Antonio Rodríguez Rodríguez, adiantou que no Plan Provincial 2014 estaba previsto acometer unha fase de asfaltado nunha grande parte do seu recorrido.

2.- ROGO.- Reclama que se arranxe un punto de luz no lugar de Medelo, parroquia de A Xesta. Explicou que este punto de luz se avariou cando se fixeron as obras do TAV, derrubando p empresa construtora parte do báculo. Desde entón están sen arranxar e sen luz.

O Sr. Presidente quedou enterado.

9.2. PREGUNTAS.-

Presentada de forma escrita durante a sesión:

PSdeG-PSOE

D. Francisco Pérez Donsión,

PREGUNTA.- Quere saber en relación co IBI das parcelas do Polígono Lalín 2000-4ª Fase, se XESTUR S.A. Pontevedra paga o IBI das parcelas das que é titular no dito lugar.

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

E, sendo as catorce horas e dezaséis minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión.

De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente